

O escritor catalán Pere Gimferrer chega a Galicia para recoller o Premio Escritor Galego Universal 2016.

Este premio, que chega á súa undécima edición, será entregado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega a Gimferrer no marco da Gala do Libro Galego, que esta entidade coorganiza xunto coa Federación de Librarías de Galicia e a Asociación Galega de Editores e que terá lugar ás 19.30 do sábado 14 de maio no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

Así, Pere Gimferrer súmase a unha nómina de escritoras e escritores que unen á excelencia literaria o compromiso ético que os converte en referentes na defensa da dignidade nacional e humana; son os seguintes: Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lidia Jorge, Bernardo Atxaga e Luiz Ruffato.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega destaca con esta mención a alta calidade literaria do conxunto da obra de Pere Gimferrer, coa que nos dá testemuño do seu tempo, do noso tempo, desde un insubornábel compromiso ético. A súa é unha traxectoria literaria incontestábel, apreciada por crítica e público, nun consenso difícil de conseguir.

Con motivo da súa estadía en Galicia, Pere Gimferrer desenvolverá unha axenda de actos que comezará cun encontro cos medios, o xoves 12 de maio ás 17:00, na Librería Moito Conto (Rúa San Andrés, 35 - A Coruña).

O día seguinte, venres 13 de maio, ás 19.30 no Salón de Actos da Fundación Luís Seoane da Coruña, ofrecerá unha conferencia (entrada libre até completar aforo), na que estará acompañado por Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, e Eduard Velasco, escritor e tradutor, quen repasarán a traxectoria do autor catalán.

A Gala do Libro Galego conta co apoio do Concello de Santiago, Consellaría de Cultura, Deputación da Coruña, Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO) e a colaboración da Fundación Luís Seoane.